



Negociado de Rexistros Urbanísticos

Expediente nº2015016997

Asunto: Inserción ANUNCIO na sede electrónica do concello de Ourense.

TEXTO:

“Anunciase que, o Concelleiro Delegado de Urbanismo, por delegación da Alcaldía, resolveu por decreto nº2016001886 de data 15 de marzo, do que segue literalmente:

“ Visto o expediente de referencia, incoado de oficio.

Considerando que o mesmo seguiu trámite segundo as prescripcóns legais vixentes.

Considerando que o mesmo foi sometido á preceptiva información pública e con notificación do mesmo a tódolos propietarios, interesados do inmovible, segundo establece a ordenanza municipal reguladora.

Visto o informe xurídico emitido polo Director de VPP e PERIs, Técnico de Administración Xeral, de data 8 de marzo de 2016.

De conformidade co artigo 124.5. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local, o art. 38 do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense, o artigo 5 da Ordenanza Municipal reguladora da edificación forzosa e do rexistro de solares e terrenos sen urbanizar e o Decreto núm. 2016000001, de 4 de xaneiro de 2016, de delegación de facultades da Alcaldía-Presidencia na Xunta de Goberno Local e nos concelleiros membros da mesma, esta concellería.

RESOLVE:

1º) Ordear a inscrición no Rexistro de Solares e Terrenos sen Urbanizar da finca sita na Rúa Viriato, 3 (referencia catastral 38.82.0.24) dacordo co disposto nos artigos 8.d), 9.c) e 10 da Ordenanza Municipal Reguladora da Edificación Forzosa e do Rexistro de Solares e Terreos sen Urbanizar do Concello de Ourense, en base ó informe xurídico emitido en data 8 de marzo de 2016 polo Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIs, que se considerará coma parte integrante da presente resolución os efectos de motivación.

2º) O cumprimento do ordeado no párrafo anterior farase mediante a figura da inscrición no Libro I e no Libro II – Tomo I do citado rexistro.

3º) Notificar a presente resolución á propiedade, os interesados no expediente e ó Rexistro da Propiedade. Dita notificación incluírá copia simple do informe citado no párrafo primeiro desta resolución.

4º) Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos municipal, na sede electrónica do concello e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. E

5º) Incoar, de oficio, expediente de valoración da finca inscrita afectada pola presente resolución para a súa determinación e constancia no rexistro.

RÉXIME DE RECURSOS DA RESOLUCION





Concello de
OURENSE
Urbanismo

SERVIZO DE LICENZAS URBANISTICAS,
DE ACTIVIDADE, APERTURAS
E DISCIPLINA

Rúa García Mosquera nº 19
32005 – Ourense
Tel. 988388109

e-mail: urbanismo@ourense.es

Contra a presente resolución poderá interperse recurso de reposición, con carácter potestativo, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o dictou ou directamente Recurso Contencioso – Administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel no que reciba a presente notificación ou ben no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte no que se entenda desestimado por silencio o recurso de reposición, se fora interposto, conforme ó establecido nos artigos 52 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, 194 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 58 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así coma os artigos 8 e 46 da Lei 29/1.998 del 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contenciosa – Administrativa, todo elo sen perxuízo no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión, ou de calquera outro que estime procedente”.

O que se publica de conformidade con artigo 10.D da Ordenanza Municipal Reguladora da edificación forzosa e do Rexistro de solares e terreos sen urbanizar para xeral coñecemento e os efectos oportunos,.

* Conforme ao artigo 4 da Lei 15/99, de 13 de decembro, co fin de protexer a indexación automática dos datos por procedementos telemáticos, naqueles expedientes que figuren con informe anexo, este poderá ser consultado polo titular do dereito de acceso, nas dependencias do Negociado de Rexistros Urbanísticos, na sede de Urbanismo; rúa García Mosquera, nº19-Esquina a rúa Padre Feijóo, de Ourense.

ALCALDE-PRESIDENTE
Jesús Vázquez Abad

